

VACÚN DE GALICIA. Pasado, presente e futuro do Sindicato Labrego Galego na IXP ▶ 6

PATACA DE GALICIA. Batería de propostas para a Indicación Protexida ▶ 4

CRAEGA. O SLG no Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia ▶ 11

RÍAS BAIXAS E RIBEIRO.

José Antonio Presa e Bodega Emilio Rojo SL ▶ 19

VALDEORRAS.

Antonio García e Cecilia Fernández ▶ 20

RIBEIRA SACRA.

Primitivo Lareu (candidatura independente do SLG) ▶ 21



FOUCE

Periódico labrego de información técnica e sindical - Ano MMXXIII - N° 341 - Xaneiro

SE O SLG ESTÁ, AS DEMANDAS DAS PERSOAS AGRICULTORAS E GANDEIRAS TAMÉN ESTÁN

O vindeiro 19 de febreiro haberá eleccións para renovar a composicións de 15 Consellos Reguladores das denominacións de orixe (DO) e indicacións xeográficas protexidas (IXP) na Galiza. O Sindicato Labrego Galego procurará ter presenza nos censos das produtoras e dos produtores. Neste Fouce especial damos conta da nosa representación e das propostas para o CRAEGA (Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia), Patata de Galicia, Carne de Vacún de Galicia, Valdeorras, Rías Baixas, Ribeiro e Ribeira Sacra.

Entrevistamos a varias das persoas que encabezan cada unha das listas dos Consellos Reguladores nos que o Sindicato Labrego Galego presentará candidatura.

AXUDAS INCORPORACIÓN

O prazo para solicitar as axudas de incorporación de persoas mozas á actividade agraria estará aberto até o próximo 27 de febreiro ▶ 22



VOTA SLG!



séguenos en

facebook instagram twitter

RAZÓNS PARA VOTAR O SINDICATO LABREGO GALEGO

Se o Sindicato Labrego Galego está, as demandas das mulleres e dos homes que nos dedicamos á produción agraria e gandeira van estar representadas. Hai unha gran e fundamental razón para apoiar no día a día e votar ao Sindicato Labrego Galego nas próximas eleccións a Consellos Reguladores: a historia da nosa organización é a historia de todas as loitas que no campo galego se levaron adiante nos últimos anos. Dende o seu nacemento, alí onde houbo un problema que afectase aos labregos e ás labregas, alí estivo o Sindicato Labrego Galego.

Ninguén dubida do compromiso continuo das mulleres e dos homes da nosa organización na defensa da terra, na defensa de prezos xustos para os nosos produtos e de condicións de vida dignas para a xente labrega. Agora para as eleccións aparecen de repente pedindo o voto persoas e organizacións que non sabiamos nin que existían, e outras ás que nada lles oímos dicir nos últimos anos -nin polos baixos prezos, nin polos impagos, nin pola falta de servizos, nin polo incremento de custos, nin polo aumento da burocracia e das dificultades ás que debe facer fronte a xente agricultora e gandeira, nin pola perda de terra agraria, nin polo desleixo da Xunta cara ás nosas producións e cara ao rural, nin pola supresión das axudas a miles de granxas...; en definitiva non lles oímos dicir nada en case ningún tema.

Vivimos unha época de grandes cambios e tamén de enorme barullo. As persoas necesitamos inxerir alimentos varias veces ao día e a actividade económica que se move coa alimentación ten unha gran importancia, polo que tamén hai grandes

intereses ao respecto. Hai unha preocupación crecente da sociedade pola saúde e pola calidade dos alimentos, pero esta alimentación saudábel só poden garantila unha cantidade moi importante de persoas agricultoras cultivando e non os produtos da agroindustria.

Non obstante, abundan as mensaxes enganosas a favor dos alimentos industriais, de laboratorio ou mesmo demonizadoras das producións agrarias e gandeiras máis sostíbeis. Non podemos seguir permitindo, por exemplo, que cando falan da emisión de gases de efecto invernadoiro ou de contaminación o ilustren coa foto dunha vaca nun prado, que cando falan dos problemas das macrogranxas haxa quen tente relacionalo enganosamente coas nosas producións en base a terra ou en extensivo, ou que se dificulte cada día máis a actividade aos pequenos e medianos produtores mentres se facilita o desembarco de especuladores ou de grandes grupos de investimento.

É máis importante ca nunca que a voz da xente agricultora e gandeira se escoite

É máis importante ca nunca que a voz da xente agricultora e gandeira se escoite para desenmascarar todos estes enganos, e para que a sociedade nos apoie. Os Consellos Reguladores son entidades creadas para asegurar a orixe e/ou o cumprimento dun determinado regulamento de produción de alimentos, polo que na súa composición é esencial a presenza de

representantes que teñan como guía fundamental a defensa do punto de vista das labregas e dos labregos.

Neste ano 2022 a Xunta denegoulle a 637 granxas a axuda de xestión sustentábel de pastos, denegoulles a 119 granxas de leite a axuda para extensificar a produción, denegoulles, entre outras, a 124 de 150 a axuda para conversión a gandería ecolóxica e a 109 a axuda de mantemento de gandería ecolóxica, e iso, malia que contamos con un escaso 5% de superficie certificada e a Unión Europea di que deberíamos ter un 25% para o 2030.

O Sindicato Labrego Galego é a única voz das que se presentan as próximas eleccións que se posicionou claramente en contra destes ataques. Do mesmo xeito, opoñémonos á intención da Xunta de Galicia de eliminar para o próximo período as axudas para as granxas de zonas desfavorecidas de zonas distintas de montaña así como á decisión de facer obrigatorios os cadernos e trámites dixitais, dándolle continuidade ao progresivo desmantelamento das oficinas agrarias comarcais e á eliminación de servizos públicos, que veñen realizando durante os últimos anos.

Estes días é posible que os nunca están cando o sector ten problemas leven adiante grandes campañas de propaganda, e prometan o que nunca fixeron. O aval do Sindicato Labrego Galego son os feitos, que poden comprobarse, e non as promesas, que as leva o vento. O pasado marzo, por exemplo, a Consellería do Medio Rural levou adiante unha gran campaña propagandística con un “suposto acordo histórico” en Ternera Gallega coas industrias cárnicas e cos grupos de distribución.

Tódolos contidos deste periódico publicanse baixo licenza Creative Commons Non Comercial / Atribución / Compartir igual



FOUCE

EDICIÓN
Edicións Fouce, Departamento de Publicacións de Servizos Agrarios e Contables SL
COORDINACIÓN
Noelia Gómez Calvo
Vera Cruz Montoto Vázquez

CONSELLO EDITORIAL:
Isabel Vilalba Seivane, Conchi Mogo, Ana Rodríguez Vázquez, Diego Sánchez Agra, Brais Álvarez
DESEÑO E MAQUETACIÓN
Noelia Gómez Calvo
Vera Cruz Montoto Vázquez

COLABORACIÓN
Bernardo Estévez, Brais Álvarez, Sandra Conde, Xosé Anxo Pérez Rúa, Xosé Manuel Parente
As candidatas e os candidatos entrevistados
PECHE DE EDICIÓN 2-02-2023

ENDEREZO
Ofelia Nieto nº 13-23. Compostela
981 554 147
prensa@sindicatolabrego.gal
www.sindicatolabrego.gal

NACIONAL Ofelia Nieto 13-23, Meixonfrío, Compostela. ☎ 981 554 147
COMPOSTELA Idem Nacional. ☎ 981 588 532
MELIDE Contactar co ☎ 686 936 429
ARZÚA Piñeiral 12, 2º esq. ☎ 981 508 177
SANTA COMBA Aula 9 do Edificio Multiusos. ☎ 699 924 632
ORDES Alfonso Senra 117. ☎ 981 682 908
BETANZOS Cruz Verde 7, esquina praza Dona Agueda. ☎ 981 773 377
TEIXEIRO Martínez Pardo 13, 1º esq. ☎ 981 789 781
MOECHE Casetas da feira de Moeche. ☎ 698 125 154

VALDEORRAS Local da CIG. ☎ 630 970 131
RIBADAVIA Virxe do Portal 11. ☎ 988 477 230
XINZO San Sebastián 16, baixo. ☎ 988 462 547
LUGO Miguel de Cervantes 47, ent. ☎ 982 231 154
SARRIA Bar Parisien. Calvo Sotelo 180. ☎ 604 027 886
CHANTADA Emilia Pardo Bazán 11, baixo. ☎ 982 440 804
A FONSAGRADA Bar A Lúa. Rosalía de Castro 16. ☎ 679 192 000
AS NOGAIS Casa do Concello (martes) ☎ 679 192 000
RIBADEO Av. Calvo Sotelo 3, 1ªE. ☎ 982 130 615

LOURENZÁ Av. Fernández del Riego 5, 1º C. ☎ 982 121 376
VILALBA Rúa do Cuartel 1, ent. A, estrada de Meira. ☎ 982 512 431
MEIRA Avenida de Lugo 47-49. Edf. Miño, ent E. ☎ 982 331 714
A ESTRADA Rúa 100, baixo 1. ☎ 986 573 232
LALÍN Monte Faro 28, baixo. ☎ 986 792 268
PONTEAREAS Av. Galicia. Edif. Costa Gallego 16. Entrechán, of. 6 ☎ 986 641 508
O ROSAL Ramón Franco, Edf. Rosales. ☎ 986 625 394
CRECENTE Centro Cultural San Paio. Albeos (luns) ☎ 669 215 346
O SALNÉS Av. Bouza Matín 9, 1º. Barrantes (Ribadumia). ☎ 699 924 630

O Sindicato Labrego Galego foi a única organización agraria profesional que se negou a asinar o documento presentado pola Xunta, que non tiña compromiso real ningún e, no que pese a que se recoñecían as enormes subas dos custos de produción e a grave crise no sector da carne polos baixos prezos, non se poñía ningunha solución, como puido comprobarse nos seguintes meses. A nosa organización foi outra vez en solitario a única que pelexou e gañoulle á Xunta nos tribunais no caso da denegación das axudas da COVID-19 para as pequenas granxas de carne, conseguindo que nas seguintes convocatorias xa non puidesen deixalas fóra e que agora a Xunta teña que poñer os fondos necesarios para que cobren o que en xustiza

lles pertence. Defendemos durante anos en solitario a necesidade de prezos mínimos que cubran os custos de produción e uns ingresos dignos para os agricultores e as agricultoras. Agora semella que os que dicían que non se podía comezan a aceptar que se traballe unha cadea de valor na que se garanta a marxe das persoas produtoras.

Hai que dicir alto e claro que a única garantía de que se defendan prezos xustos en orixe e un medio rural vivo con miles de familias que poidamos vivir dignamente do noso traballo é que o Sindicato Labrego Galego teña cada día máis forza e consigamos que as administracións se activen para promover a Soberanía Alimentaria e os métodos de produción agroecolóxicos.

Fronte aos que non se sabe nin onde están nin o que defenden, o SLG é a única organización labrega que está a loitar no día a día ao lado das veciñas e dos veciños, como o fixemos anteriormente para parar grandes proxectos de megaminería, contra a implantación de grandes parques eólicos ao lado das casas que ocupan grandes cantidades de terra agraria. Diante de retos moi importantes como a ameaza polo encarecemento e escaseza de combustibles fósiles ou a emerxencia climática, convértese en crucial a defensa dun modelo de produción ligado á terra para garantir a chegada de alimentos saudábeis á cidadanía, pero tamén para a nosa supervivencia como pobo e como labregas e labregos.

Este 19 de febreiro vota o Sindicato Labrego Galego!



PATACA DE GALICIA ▶ O SLG estará presente nas eleccións a Consellos Reguladores para a IXP Pataca de Galicia cunha candidatura composta por cinco membros

Batería de propostas do Sindicato Labrego para a Indicación Xeográfica Protexida Pataca de Galicia

1. Control estrito da pataca acollida á IXP Pataca de Galicia.

Mellorar e incrementar os sistemas de control de campo en parcelas e control de entrada e saída nos almacéns comercializadores.

2. Incrementar os controis varietais acollidos á IXP Pataca de Galicia.

Evitar que se comercialicen variedades de patacas non acollidas á IXP Pataca de Galicia e aplicar as sancións correspondentes das prácticas fraudulentas,

tanto na parte produtora, como na parte comercializadora.

3. Valorizar mellor o prezo da pataca acollida á IXP Pataca de Galicia. Incrementar o prezo da produción acollida á IXP, para compensar as perdas de rendementos, o ter que acollerse a uns parámetros máis estritos de calidade e lles compense aos produtores acollidos baixo a IXP Pataca de Galicia.

4. Control da semente acollida para produción IXP Pataca de Galicia.

Establecemento dun sistema áxil e rápido de comprobación das partidas de pataca de semente por parte das persoas técnicas da IXP Pataca de Galicia, en caso de existir sospeitada de partidas de patacas certificadas, con doenzas fitosanitarias que poidan ocasionar problemas na produción e evitar mermas na calidade final da colleita.

5. Seguimento e combate da publicidade enganosa nos puntos de venda.

6. Plan de promo-

ción e comercialización para a IXP Pataca de Galicia.

7. Posta en marcha de iniciativas e axudas que favorezan a investigación e producións máis sustentábeis e na redución de custes de produción.

8. Non permitir produtos obtidos con organismos manipulados xeneticamente.

9. Comunicación cos consumidores e consumidoras para recoller a valoración e propostas de mellora do produto final comercializado.



Candidatura:

José Manuel Gómez Estévez

José Casares Ramos

Rubén Rodríguez Gomez

Juan José Otero López

Agrimanso SC

José Manuel Gómez Estévez, comarca da Limia

É produtor de pataca e cereal na comarca da Limia. “Preséntome como candidato porque penso coñecer ben ao sector, dado que son produtor de pataca con IXP dende hai moitos anos”, afirma. Na súa opinión, os Consellos Reguladores dan calidade e prestixio a unha marca, neste caso, á pataca de Galiza. Explica que o rol de Consello é importante no país, xa que é un garante de calidade, a cal aumenta a rendabilidade do sector e abre novas portas para a súa comercialización.

As liñas de traballo nas que cómpre afondar, segundo o candidato do SLG á IXP Pataca de Galicia son: debe de reforzar os controis dende a sementeira até a recolleita, posteriormente no almacenaxe tanto en distribuidores como agriculturas e agricultores e na comercialización, así como aumentar a promoción da IXP. Sinala que é necesario actualizar os prezos adecuados aos custes, que neste momento tanto teñen subido.



José Manuel Gómez Estévez, produtor de pataca e cereal na comarca da Limia.

Rubén Rodríguez Gomez, comarca da Limia



Rodríguez Gomez é produtor de horta, de patacas e de cereais, na comarca da Limia e xestiona unha pequena froitería na cidade de Ourense. “Os Consellos son importantes para valorar e destacar un produto dunha zona determinada pola calidade ou distinción que dito produto posúe”, explica.

Nese senso, o terceiro suplemente na listaxe do SLG á IXP Pataca de Galicia, destaca a pataca da zona pola calidade que posúe fronte á do resto do territorio español, a maneira de producirse e o clima é o que a fai distinta.

En canto ás liñas nas que cómpre atender, sulíña que temos que ter coidado co produto que valorizamos dentro do Consello Regulador e que se cumpran as normas determinadas, ademais de levar a cabo un control máis exhaustivo do produto á hora de ser manipulado, dende a sementeira até o envasado, para que non se mesture calquera outro produto que poida afectar ao distintivo que este ten na nosa zona xeográfica.

Ruben Rodríguez Gomez é produtor de horta, de patacas e de cereais na comarca da Limia.

Juan José Otero López, comarca da Limia

Juan José Otero López é produtor de pataca e cereal na comarca da Limia.

Preséntase como cuarto suplente na candidatura á IXP Pataca de Galicia por entender que o Consello Regulador é un organismo importante para que a persoa consumidora saiba que aquí aínda se segue a producir produto de alta calidade diferenciada.

Ademais, fai fincapé en que é fundamental que as comercializadoras comprendan que o produto diferenciado que é a Pataca de Galicia, débese de compensar tamén no prezo de venda, para que así sexa rendíbel para as produtoras traballar desde a IXP.

Juan José Otero López, produtor de pataca e cereal na comarca da Limia.



IXP DE CARNE VACÚN DE GALICIA ▶ O SLG conta cun vocal en representación do censo A1 (producción tradicional) na IXP (antes coñecida por IXP Ternera Gallega)

Pasado, presente e futuro no labor do SLG na IXP de Carne de Vacún de Galicia

O SLG actualmente conta cun vocal en representación do censo A1 (producción tradicional) no consello regulador IXP de Carne de Vacún de Galicia (antes coñecida por IXP Ternera Gallega). Adolfo Cabarcos leva dende o ano 2012 representando o SLG dentro de esta IXP. Adolfo Cabarcos é gandeiro de vacún de carne no concello de Xermade, onde xunto ao seu fillo, rexentan unha granxa de nome Refol SC.

O traballo que vimos desenvolvendo nos últimos anos dentro da IXP vai encamiñado a tratar de garantir prezos dignos para as granxas de Tenreira Galega Suprema, que en todo caso, cubran os custos de produción e tratamos sempre de poñer en valor que a IXP teña en conta a importancia das pequenas e medianas granxas de vacún de carne que compoñen a Tenreira Galega Suprema. Así mesmo, levamos anos defendendo que é necesario outro tipo de etiquetado, máis claro para a persoa consumidora e que diferencie, dun xeito sinxelo, entre a Tenreira Galega Suprema e a Tenreira Galega normal.

A composición actual da IXP, na que pola produción tradicional hai 5 vocais, entre eles o propio Adolfo Cabarcos en representación do SLG nas granxas de Tenreira Galega Suprema, polos cebadeiros 3 vocais e as representantes dos pequenos, medianos e grandes matadoiros, non permite moitas veces saír adiante as nosas propostas en defensa das granxas labregas de Tenreira Galega Suprema, vendo unha e outra vez como as nosas propostas dun etiquetado máis claro, suba de prezos na propia mesa de prezos, campañas claras de comercialización, rebaixa dos custos de sacrificio sen poñer por isto en risco a IXP etc, baten de cara coa oposición dos intereses da industria, dos ce-

badeiros e mesmamente coa postura doutras organizacións agrarias que din defender os intereses das pequenas e medianas granxas pero acaban colocándose sempre ao carón do modelo agroindustrial.

Nos últimos anos, á par do traballo dentro da IXP onde se tratou por todos os medios de mellorar dende ela a situación económica das nosas granxas, vimos vendo como dende a Xunta de Galicia tratan de excluír e afundir máis as granxas de produción tradicional axeitadas en tamaño á súa base territorial. Tivemos que ir ao xulgado (Tribunal Superior de Galicia) para evitar que a Xunta non deixara fóra as granxas de menos de 10 vacas nutrices que cotizasen á Seguridade Social e tiveran ingresos agrarios, como pretendía facer a Consellería coas axudas derivadas da COVID-19, tendo gañada esta demanda por parte do SLG contra a discriminación da Xunta de Galicia. Aínda hoxe seguimos a loitar para que esta axuda chegue ao total de granxas que durante a COVID-19 quedaron excluídas.

Son tempos moi complicados para a supervivencia das nosas granxas. Tempos onde dende a industria e as propias institucións (Xunta de Galicia, Ministerio, UE) trátase de impoñer un modelo de alimentación baseado en macrogranxas coa escusa de que as nosas granxas tradicionais non son viábeis nin sostíbeis. Co apoio de todas e todos vós nas eleccións a IXP Vacún de Carne que se celebrarán o vindeiro 19 de febreiro seguiremos a construír esta ferramenta que é o SLG e da que todas e todos vós formades parte para así entre todas nós seguir plantando cara aos ataques que no día a día estamos a sufrir contra o noso modelo de vida e de produción.



Candidatura:

Censo A1

Samuel Formoso Salgado

Jesús Pardal Castro

**Henar Román
Fernandez
(Raiolas SL)**

**Juan Valcarcel
González**

María Osorio López



Adolfo Cabarcos, máis de 10 anos loitando dende o SLG

Despois de máis de 10 anos loitando e defendendo os intereses da produción tradicional na IXP agora chamada Carne de Vacún de Galicia, Adolfo Cabarcos non vai a continuar a ser o representante do SLG na mesma. Dende estas liñas queremos, en primeiro lugar, agradecer estes anos de loita e defensa en condicións a maioría das veces de franca minoría e sabendo que Adolfo sempre vai estar ao noso carón para axudarnos a avanzar, miramos o futuro coa esperanza de saber de certo que o SLG e as labregas e os labregos que compoñemos este proxecto somos a mellor ferramenta para defender a nosa produción, as nosas granxas e o noso modo de vida. As labregas e os labregos temos que estar representadas nos órganos onde se deciden as políticas que nos afectan diariamente. Ademais, na lista do SLG-CCLL, a candidatura do censo AI da IXP de Carne de Vacún de Galicia figuran 3 suplentes: **Begoña Duro Ramos** gandeira do concello de O Pino que conta cun rabaño de entre 25-30 vacas nais; **Maria del Carmen López Varela** gandeira do concello de Guntín que xestiona unha granxa familiar de 25 rubias galegas e o propio **Adolfo Cabarcos**.

Medidas que o SLG defenderá dentro da IXP Vacún de Galicia durante o vindeiro período

1. Loitar por adecuar a mesa de prezos da IXP aos nosos custos de produción e que esta nunca estea por debaixo dos nosos custos de produción.

2. Impulsar dentro da propia IXP pero tamén na Consellería e Ministerio que se faga cumprir a Lei da Cadea Alimentaria e que se creen os mecanismos públicos necesarios para velar por que nin a un soa granxa de Tenreira Galega Suprema lle merquen os seus becerros por debaixo do seu custo de produción.

3. Diferenciación clara da Tenreira Galega Suprema (terneiros criados con súas nais até os 7 meses) da Tenreira Galega Normal. Impulsar dentro da IXP un cambio no etiquetado que faga o consumidor ver claramente cal é a Tenreira Galega Suprema e cal

a Normal.

4. Impulsar campañas de promoción reais da Tenreira Galega Suprema, poñendo en valor os beneficios desta carne e o importante valor social que as nosas granxas teñen para a sociedade no mantemento do medio rural.

5. Levar adiante campañas de información á persoa consumidora nas propia áreas comerciais explicando os distintos modos de produción da carne que pode mercar.

6. Evitar, mellorando os mecanismos de control da propia IXP, a utilización da nosa imaxe para vender carne que non é Tenreira Galega Suprema. Evitar o fraude aumentando os controis da propia IXP.

7. Velar polo correcto funcionamento da

IXP e garantir en todo caso que o funcionamento da mesma non e contrario os intereses da produción tradicional.

8. Impulsar campañas de compra pública de carne de Tenreira Galega Suprema para os comedores dos colexios, hospitais ou residencias.

9. Achegar as tomas de decisión e a propia IXP ao conxunto de persoas produtoras de forma clara e que o consello deixe de ser un ente afastado das persoas labregas, fomentando o diálogo e a interlocución entre as persoas labregas e a IXP.

10. Fomentar accións formativas que permitan coñecer ás gandeiras como funciona a propia IXP (marcado de canais, modelos de produción...).

Samuel Formoso Salgado, comarca da Limia

Gandeiro da Limia que conta cun rabaño de aproximadamente 160 cabezas en extensivo no concello de Vilar de Barrio, pastoreando pastos no entorno da Lagoa de Antela.

Ademais, é o responsábel do sector da carne do SLG dende hai dous anos. Preséntase como candidato á IXP pola produción e por ser coñecedor do sector dende hai xa tempo.

Tal como sinala Formoso, os Consellos Reguladores "deberían ser unha ferramenta de diferenciación con outras formas de producir, dando unhas garantías ao consumidor de que o produto que está mercando nos liniais pasou uns exhaustivos controis en toda a cadea (produtor, matadoiro, distribución) e que pode consumirse con total garantía".

As liñas máis importantes de traballo para estes vindeiros anos na IXP, en palabras de Formoso, son:

- Prezos dignos para a TGS acorde a súa calidade.
- Intentar que se cumpra a lei da cadea cubrindo os custes de produción.
- Mecanismos de diferenciación claros entre a TG. e a TGS.
- Que se deixe de utilizar a Suprema para promover e vender a de cebadoiro.
- Información á persoa consumidora do modelo de produción da carne que está a mercar para que ela/el poida decidir.



Samuel Formoso é gandeiro na comarca da Limia, onde conta cun rabaño de arredor 160 cabezas en extensivo no concello de Vilar de Barrio, pastoreando pastos no entorno da Lagoa de Antela.

- Campañas de compra pública de carne de Suprema para abastecer hospitais, residencias ou colexios.
- Intentar acercar as decisións que se toman no Consello ás gandeiras/os de forma clara e que o consello deixe de ser un ente lonxano.

Jesús Pardal Castro, comarca de Compostela



Jesús Pardal Castro, gandeiro de Moares, en Rois, na comarca de Compostela.

Jesús Pardal Castro é gandeiro de Moares, en Rois, na comarca de Compostela, e conta cun rabano de Limiás en ecolóxico e en extensivo: "Limiás de Moares". O propio Pardal comenta que a raza que produce está en perigo de extinción e que leva arredor de 20 anos traballo con ela.

"Preséntome, porque paréceme que é importante que as labregas e labregos esteamos nos órganos onde se toman decisións que nos afectan e non esperar que outros o fagan por nós", comenta Pardal.

Nese senso, a IXP é fundamental porque tenta facer unha diferenciación clara entre a carne de calidade. Xustamente Pardal destaca que a diferenciación da Tenreira Galega Suprema (xatos criados coas nais mamando até os 7 meses) da Tenreira Galega normal debe ser unha das liñas de traballo no Consello Regulador, á par que establecer prezos que cubran os custos de produción.

Henar Román Fernández, comarca de Terra Chá

Henar Román Fernández vive en Labrada, no Concello de Abadín, xunto co seu fillo teñen unha granxa de vacún de carne nesa mesma parroquia. Ademais, tamén teñen outra granxa de carne ao nome do seu marido, Jorge Carracedo Vazquez, e a maiores, teñen entre ambas a cooperativa ROCA SC para a produción, transformación e comercialización de produtos agrarios.

Henar e a súa familia levan moitos anos xunto ás súas veciñas traballando o monte veciñal en man común de Labrada, defendendo os intereses da produción tradicional e os métodos tradicionais de aproveitamento do monte como recentemente tiveron que facer ante os problemas xurdidos durante o saneamento.

Destacan, entre outras loitas, as de defensa da terra da Comunidade de Labrada contra a usurpación do monte comunal como a que levaron a cabo contra a empresa mineira Igemarga; e, tamén, contra a Consellaría de Medio Ambiente coas comunidades veciñas de Abadín e Mondoñedo contra o peche da Fraga Vella.

Preséntase como candidata no IXP porque pensa que ten que haber un Consello Regulador e persoas que representen realmente ás gandeiras e aos gandeiros para facer saber a nosa situación e as nosas demandas como produtoras. "Na IXP Vacún de Galicia é onde as produtoras podemos ter voz", salienta. Para Román Fernández, cómpre relanzar o sector da carne e poñer atención na comercialización e na valorización do produto. A produción que se fai na súa zona, destaca, poderíase considerar a maioría ecolóxica e en extensivo.

Tamén destaca que a maioría son produtoras de Tenreira Galega Suprema e isto está pouco apoiado, "cada vez existen máis esixencias para cumprir a normativa".



Henar Román é gandeira en Labrada, no concello de Abadín, na comarca de Terra Chá.

Juan Valcarcel González, comarca de Lugo



Juan Valcarcel é gandeiro en Santalla, na parroquia de O Alto, no concello de O Corgo.

É de Santalla, na parroquia de O Alto, pertencente ao concello de O Corgo, na provincia de Lugo. Conta cun rabaño de 37 vacas nais de rubia galega. Así mesmo, é o presidente da ADS GANDEIROS DE O CORGO que engloba máis de 100 granxas da súa contorna e que leva moitos anos caracterizándose por unha moi boa xestión en materia sanitaria, o que supuxo un gran avance para estas granxas.

Preséntase como candidato para aportar un gran de area e, tamén, por que "para saber como funcionan as institucións hai que estar nelas", reconece. Os Consellos Reguladores son útiles para promover mellor o noso produto e así tentar que se venda mellor. En vinculación coa venda, Valcárcel pon o foco na relevancia de procurar un mellor etiquetado para os produtos. "Estivemos comprobándoo repartindo dípticos de Suprema e a xente non sabía diferenciar o que era Suprema de Tenreira Galega normal".

Todo isto acontece porque non hai diferenciación clara entre os produtos e moitas veces nos

supermercados o prezo da Tenreira Galega Suprema e a Tenreira Galega normal é o mesmo. Nese senso, insiste en que o máis importante para as produtoras é ter uns prezos que cubran gastos de produción e unha maior información, tamén para a persoa consumidora para que saiba o que realmente está a consumir.

María Osorio López, comarca dos Ancares

Gandeira do concello de Becerreá, na comarca dos Ancares, onde recentemente se fixo cargo da granxa familiar por xubilación de seus pais. Conta actualmente cun rabaño de 25 animais de rubia galega e vianesa. María ademais como moza que é, preocupase moito en dinamizar a súa contorna e traballar por por en valor a produción de Tenreira Galega Suprema e a gandaría en extensiva, consciente da necesidade que as mozas e os mozos non sigamos a fuxir do medio rural e poidamos construír un futuro axeitado na gandaría nos pobos e vilas do rural galego.

"Preséntome no meu sector polo chamado do SLG e porque confío nas liñas de traballo que o mesmo quere afianzar na IXP a través das súas vogalías", afirma Osorio. Na opinión desta moza de Becerreá, os Consellos Reguladores son importantes en tanto que son os intermediarios entre as persoas produtoras e a sociedade, poñendo en valor o noso produto, velando polos intereses comerciais das labregas acollidas ás normas de produción.

Ademais, así a persoa consumidora tamén sabe que a través do selo, é consciente de que está mercando un produto coa máxima calidade. "É como un contrato-pacto entre partes que debe respectarse", reconece.

A estratexia da carne que foi presentada recentemente, advirte que a granxa media no noso país é de 20-25 nais. Na opinión de Osorio a mensaxe é clara: a pequena produción segue a ser sostén do rural e, polo tanto, é a que da prestixio á marca e ao seu bo facer.

A IXP debe atender prioritariamente está demanda e solucionar queixas sostidas no tempo por parte dos labregas e labregos de certas irregularidades no cumprimento das normas, sobre todo na comercialización.



María Osorio é gandeira no concello de Becerreá, na comarca dos Ancares.

GRANXA LABREGA

GRANXA SUPREMA



O SLG-CCLL é unha organización labrega que leva dende a súa fundación, aló polo ano 1973, defendendo as granxas familiares de pequeno e mediano tamaño que vertebran todo o noso territorio, tal e como son a maior parte das case 8000 granxas que forman parte de Tenreira Galega. A subida dos custos de produción, xunto cuns prezos que seguen a ser moi inferiores a estes, provoca que o noso modo de vida e as nosas granxas estean en perigo. No SLG levamos case 50 anos loitando por estas granxas, estas familias e este modelo de produción sa e sostíbel, e así continuaremos a defender:

- Prezos dignos para a nosa carne: esiximos á Xunta de Galicia que faga cumprir a lei da cadea alimentaria e tome dende xa como referencia o prezo dos custos de produción que no seu propio estudo fixaron no pasado mes de xuño (6,30€).

- Dotarse de fondos económicos e de medios para facer fronte a episodios de seca como a que se está a vivir e, en todo caso, financiar a adecuación a esta nova realidade das granxas galegas.

- Impulsar e conseguir que se teñan en conta os criterios de flexibilización da normativa hixiénico sanitaria que facilitan a venda directa de vacún de carne á cidadanía, así como a creación dunha rede de matadoiros comarcais como único xeito de dotar de valor engadido ás granxas.

- Demandamos medidas para a protección das pequenas e medianas granxas familiares de vacún de carne. Recentemente a xustiza deunos a razón: a Consellería de Medio Rural discrimina ás granxas tradicionais de Tenreira Galega Suprema ao deixar fóra das axudas da COVID-19 as granxas con menos de 10 vacas nutrices. Esixiremos que a Xunta de Galicia acate esta sentenza e deixe de discriminar ás granxas tradicionais do sector.

- O SLG foi un das poucas organizacións que non asinou o protocolo para o sector da carne que a Consellería de Medio Rural presentou na pasada primavera, por entender que non recolle mecanismos reais que beneficie o sector.

- Diferenciación clara do noso produto (Tenreira Galega Suprema), cun etiquetado claro e campañas de promoción que, de xeito contundente, distingan entre a nosa produción e as producións industriais.

- Poñer en valor a calidade do noso produto. No benestar animal (tenreiros criados con leite da súa nai, en liberdade....), e no ben social, que fan as nosas granxas no mantemento do medio rural, evitando incendios, mantendo a biodiversidade e fixando poboación nas nosas aldeas e vilas.

- Protección do noso modo de vida e produción por parte das administracións públicas, co fin de contarmos cunha verdadeira protección da Superficie Agraria Útil.

- Cubrir o 100% dos danos que provoca a fauna silvestre asumindo a responsabilidade civil subsidiaria e o lucro cesante por parte da administración pública.

- Unha Política Agraria Común ao servizo das familias labregas e da agricultura familiar. Na vindeira PAC pretenden eliminar os cobros por zona desfavorecida 8255 granxas veranse afectadas, isto é defender as granxas labregas?



"A Suprema Galega, ademais de ser un alimento de calidade e san, é fundamental para manter o coidado do medio ambiente que precisamos para ter un medio rural vivo." **Adolfo Cabarcos**, Vogal do SLG en Ternera Gallega Suprema



"Ter unha granxa agroecolóxica de Suprema é un modo de vida. Axudamos a coidar a biodiversidade e o contorno, a previr os lumes, e podemos conciliar a nosa vida familiar garantindo o futuro que precisa un medio rural vivo". **Sonia Vidal**, Integrante do Comité de Coordinación da Coordinadora Europea Vía Campesina

"Tenreira Galega Suprema, carne coa calidade da produción tradicional, imprescindible para manter un medio rural vivo", **Samuel Formoso**, Responsábel do Sector do Vacún de Carne no SLG



POLO FUTURO DAS NOSAS GRANXAS, POLO
FUTURO DAS NOSAS COMARCAS!

CRAEGA ▶ O SLG presenta candidatura no Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia no censo A1 de produción vexetal e algas e no censo A2 de produción animal e acuicultura

O SLG no Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia

Durante o mes de decembro, foron levadas a cabo nos diferentes locais do Sindicato Labrego Galego asembleas das granxas que están inscritas no Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia (CRAEGA).

Nestas asembleas, mostrouse a preocupación das labregas ante a deixadez da Conselleira de Medio Rural posto que deixa sen apoios económicos a practicamente a metade das terras que solicitaron a súa inscrición este ano no CRAEGA, cando a Política Agraria Común aposta por unha produción en ecolóxico, por chegar a un 25% das terras agrarias en agricultura ecolóxica de aquí a 2030.

Por outra banda, o elevado custo dos insumos non se ve reflectido no aumento dos prezos en ecolóxico, a dificultade de comercialización dos alimentos e a falta de apoios económicos e a falta de promoción real por parte do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica, son as problemáticas coas que se enfrontan as diferentes producións labregas certificadas en ecolóxico.

Ademais do exposto, tendo en conta que este ano 2023 se celebran eleccións para renovar a composición dos consellos reguladores, entre eles o CRAEGA, elaboráronse unha lista de peticións das producións en ecolóxico que foron recollidas nestas asembleas:

Peticións das producións en ecolóxico

1. Que se teñan máis en conta as pequenas producións ecolóxicas, facendo máis campañas informativas das pequenas producións existentes.

2. Que dende o CRAEGA se difunda a agroecoloxía, para ter en conta que as producións ecolóxicas sexan éticas e sostíbeis.

3. Que o órgano de goberno do CRAEGA sexa paritario, para garantir a participación de máis mulleres nos plenos.

4. Que as persoas consumidoras non teñan dúbidas de que é un produto ecolóxico. Neste eido, expuxéronse as seguintes demandas:

a. Aumentar a promoción dos produtos ecolóxicos, promocionando o selo, coidando a publicidade para non confundir o consumidor (por exemplo facer unha clara diferenciación entre agricultura tradicional e ecolóxica) e potenciando as produtoras e produtos certificados.

b. Que se teña unha maior publicidade e promoción do CRAEGA nos medios de comunicación como a televisión ou a

radio e tamén nas redes sociais
c. Que se leve a cabo unha promoción do consello regulador nas diferentes comarcas galegas (facendo feiras, divulgación con trípticos...)

d. Mellora e actualización da revista, onde deben quedar representadas tamén as pequenas producións ecolóxicas.

e. Facer xornadas informativas da produción ecolóxica en todo o territorio galego.

5. Que en canto o funcionamento e as competencias do CRAEGA, onde tamén se falou da necesidade de dotar ao consello con máis persoal traballador, podemos sinalar varias demandas:

a. Un maior achegamento, acompañamento e asesoramento das producións ecolóxicas.

b. Aplicación de criterios o máis estritos posibles para a certificación, así como unificar os mesmos nas auditorías.

c. Facer un maior control do produto final, e que este resultado chegue ás persoas consu-

midoras finais.

d. Posibilidade de facer máis trámites telemáticos (que sexa posible cubrir a documentación de maneira telemática) e mellora da páxina web.

e. Reducir a burocracia.

f. Maior transparencia nas contas do consello regulador.

6. Que se apoie a comercialización dos nosos produtos

a. Crear grupos por comarcas, para axudar a crear canles de distribución, que é unha das principais dificultades das pequenas producións labregas ecolóxicas.

b. Facer un directorio de produtor@s por comarcas, e dos produtos que teñen.

7. Por último, demandamos do CRAEGA en relación con outras administracións:

a. Férrea defensa das axudas de produción ecolóxica e presión para ter máis apoios económicos.

b. Fomentar a compra pública de alimentos ecolóxicos certificados.

SEGUE ▶



Candidatura:

Censo A1
produción vexetal e
algas:

Granxas Lousada, SC
Horta da Lousa, SC
Miguel Angel Navarro
Ortigosa

Suplentes:
As Fadegas, SC
Agreco Galiza, SL

Censo A2
produción animal e
acuicultura:

Casa Bértolo, SC
Eva María Rodríguez
Rodríguez
David Otero Fernández

Suplentes:
Jose Luis Varela
Carreira
Manuel Ramos Garea

c. Necesidade de reducir e adaptar as cotas que teñen que pagar as persoas operadoras, como por exemplo crear unha cota propia para aquelas granxas que tamén realicen transformación de produtos, para evitar que lles cobren dúas cotas.

d. Transmitir as nosas demandas a Consellería de Medio Rural, como que se faga unha revisión dos criterios como na redución de penso para alimento animal, a dificultade e limitacións a hora de ampliar parcelas, revisión de distancias colindantes con outras producións... ou que o CRAEGA de oficio, poida dar de baixa unha parcela en

ecolóxico, e se outra persoa productora se incorpora nun proxecto que xa estaba certificado en ecolóxico previamente, non sexa necesario pasar os anos de conversión

e. Facer unha maior demanda formativa cara a administración, para que se leven a cabo xornadas e cursos formativos de varios niveis (para as producións que se queren incorporar e as que xa levan moito tempo)

f. Medidas para que non sexan as producións en ecolóxico os que teñen que mudar as súas prácticas en función de outras producións e practicas non ecolóxicas.

g. Demandar que grandes superficies

teñan unha diferenciación clara das producións ecolóxicas.

h. Delegacións provinciais do Consello Regulador.

i. Dotar ao CRAEGA de máis medios técnicos e humanos, xa que esta é unha peza indispensable para o bo funcionamento do Consello Regulador, que as persoas que realizan as visitas teñan tempo para a realización das mesmas, así como a necesidade do aumento da plantilla dado o aumento considerable no último ano no número de operadoras e operadores certificados en ecolóxico.

Sergio Boado, de Granxas de Lousada SC (Irixoa)



Sergio Boado, de Granxas de Lousada, en Irixoa, na que ten produción animal e vexetal.

Sergio Boado, en Granxas de Lousada SC, ten produción animal e produción vexetal.

Preséntase como candidato ao Consello Regulador do sector vexetal para modificar a mentalidade de que só funcione o ecolóxico a nivel industrial e para que as producións pequenas teñan un pequeno oco dentro do Consello Regulador.

O Consello Regulador é o que leva as liñas políticas por onde vai a produción ecolóxica.

Boado resalta como principal labor do consello regulador apoiar ás produtoras que haxa.

Tamén apunta que non pode haber unha falta de comunicación tan grande entre a Consellería e o Consello Regulador, “por exemplo no caso das axudas, non pode ser que en novembro comece a saber cales son a cantidade de hectáreas que van poder cubrir ou non. Necesitamos información, iso ten que estar claro desde un principio”.

María Pardo, de Horta da Lousa SC (Cerceda)

María Pardo ten xunto co seu fillo Néstor a granxa Horta da Lousa (A Lousa, Cerceda), da que son socias ao 50%. Fan leituga, tomate, plantiñas pequenas de horta, todo en ecolóxico; e tamén algo de flor. Complementan esta produción con seis vacas, principalmente para dar apoio co esterco.

Pardo considera que é importante ter presenza nos Consellos Reguladores (CCRR) “porque dalgún xeito hai que darlle seguridade ás persoas consumidoras. Se confían na certificación dos CCRR estar neles pois é importantísimo, preséntome para intentar defende o máximo posíbel isto”. Ademais destaca especialmente a importancia de que dende a Xunta e as Administracións públicas no seu conxunto “se apoiara e presionara para que centros públicos como hospitais, comedores escolares ou centros para maiores consumiran produtos de proximidade, ecolóxicos e de tempada. Iso sería un apoio moi importante para este sector.”

Canda esta reivindicación, María Pardo destaca a importancia de traballar tamén para conseguir que a Administración defenda os dereitos da cidadanía defendéndonos fronte a grandes empresas contaminadoras e avasalladoras.



María Pardo, de Horta da Lousa SC (Cerceda).

Miguel Angel Navarro Ortigosa (Vedra)



Miguel Navarro, de Vedra, ten unha produción horta ecolóxica baixo abrigo e exterior que complementa con froiteiras de mesa.

Preséntase como candidato ao CRAEGA porque considera que, malia as súas eivas, o CRAEGA non deixa de ser o órgano de representación do sector, e cómpre estar presentes para influír na súa xestión e nas súas liñas de actuación. Ademais tamén asume esta responsabilidade “para apoiar, na medida do posible, o labor do SLG a prol da agricultura ecolóxica e a agroecoloxía.”

Co seu traballo procurará profundar na transparencia na xestión do Consello Regulador e na comunicación cos inscritos, así coma defender o modelo agroecolóxico perante as ameazas que afectan de cheo ás pequenas e medianas granxas con usos incompatíbeis coa actividade a agraria e outros usos do territorio.

Miguel Angel Navarro ten unha produción de horta ecolóxica en Vedra.

As Fadegas TC (Cubelas, Ribadeo, A Mariña)

Marta Méndez e Montse Laya son unha parella que leva a Finca As Fadegas, situada na parroquia de Cubelas (Ribadeo), na Mariña lucense. Producen verdura e froita con certificación ecolóxica e venden no mercado semanal de Ribadeo.

Preséntase como persoa candidata no sector de horta para velar polos intereses das persoas produtoras e conseguir reducir a burocracia administrativa. “Os selos de certificación serven para dar transparencia ás consumidoras e para nós saber que o estamos a facer ben”, indican.

Imaxe da produción de Marta Méndez e Montse Laya, que conforman As Fadegas TC.



Amaia Romano, de Agreco Galiza SL (Bergondo)

Amaia Romano Catalán é parte de Agreco Galiza, unha iniciativa familiar dedicada á horta ecolóxica e enfocada actualmente á produción de herbas aromáticas. Sitúanse en Bergondo e están rexistrados no CRAEGA dende o ano 2001.

Considera que a defensa do sector ten que ser unha labor colectiva na que o protagonismo recaia nas produtoras. “Somos nós as máis interesadas en que o Consello Regulador funcione e para iso hai que implicarse”, apunta. Romano salienta que un Consello que funcione mellor e con máis recursos é moi importante para que a poboación coñeza as vantaxes de consumir ecolóxico, para que o país se oriente

a producións respectuosas co medio coa saúde, ou para que se coñeza onde atopar estes alimentos.

“Fundamentalmente o CRAEGA ten que cumprir as funcións de promoción e certificación, pensamos que hai que dedicar máis recursos e adaptar o seu funcionamento ás necesidades das produtoras evitando o exceso de burocracia”, explica. Ademais, reivindica o CRAEGA como instrumento colectivo que tamén debe de servir para demandas compartidas a outras administracións, como por exemplo axudas para este tipo de producións ou a mellora do asesoramento e formación técnica.



Amaia Romano, de Agroeco Galiza SL (Bergondo).

Concha Montecelos, de Casa Bértolo (Friol)



Concha B. Montecelos é socia da granxa familiar Casa Bértolo (Friol), ten granxa mixta de vacún de leite e un rabaño pequeno de Rubia Galega, en ecolóxico, certificados dende o 2014, con iniciativa de transformación do leite en queixos do país, tamén certificado dende o 2021 baixo a marca Bértolos&Serranos.

Preséntase como candidata polo sector de produción ao Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica tratando de facer valer dúas cousas fundamentais: o papel da muller -que non ten doado deixar a granxa- e o orgullo de crer e apoiar o relevo xeracional na propia granxa, así como para defender a certificación pública e coparticipada polo sector.


Montecelos considera que cómpre afondar no papel da certificación para a saúde da sociedade e do medio ambiente en xeral e rural en particular; traballar para difundir o noso que

facen e as nosas producións de cara a xirar/virar cara a necesaria sustentabilidade. “Cómpre dar credibilidade ao modelo das nosas granxas como sostés das aldeas e que as administracións nos amosen como futuro e non como perifollos de museo, irrelevantes fronte ás industrializacións do rural e as súas producións”, reivindica.

E para isto cómpre que teñamos exemplos deste creto: apoios á alimentación de calidade que garanten para escolas, residencias, hospitais.

“Porque cando constrúen e decoran tampouco se quedan atrás. E o CRAEGA é noso, ten que esixirnos cara ás persoas consumidoras pero tamén apoiarnos, esixir cara ás administracións”.

Fai fincapé na importancia de que @s representantes da administración teñan formación específica co tema ecolóxico e medioambiental para mellorar a comunicación entre ambas.



Concha B. Montecelos, socia da granxa familiar Casa Bértolo (Friol). Concha é parte da Dirección Nacional do Sindicato Labrego Galego.

Eva María Rodríguez Rodríguez (Oza - Cesuras)



Eva Rodríguez, de Oza - Cesuras, na Mariña coruñesa, produce leite en ecolóxico.

Preséntase porque considera que “é un deber moral e ético participar en todos os ámbitos nos que nos desenvolvemos. Se creo na produción ecolóxica o máis lóxico é aportar e participar no Consello Regulador ao que estou inscrita e que regula o noso traballo e proxecto”.

Entre as liñas polas que traballar no Consello, Rodríguez resalta unha maior promoción do noso sistema de traballo de cara á sociedade, “debemos presumir do noso modelo de produción e que se coñezan os seus beneficios tanto para o medio ambiente, para a economía local e para a sociedade en xeral”, salienta.

Eva Rodríguez produce leite ecolóxico en Oza - Cesuras.

David Otero Fernández, da Fonsagrada

David Otero, da cidade de Lugo, trasladouse hai uns anos á Fonsagrada, terra dunha parte dos seus devanceiros, para poñer en marcha un pequeno proxecto de gandería ecolóxica con vacas de raza cachena. Facía medio século que non había vacas propias da casa, éxodo rural de por medio, cando a comezos do ano 2021 comezou a incorporar as primeiras vacas. Na actualidade está en proceso de conversión a ecolóxico.


Para Outeiro foi moi importante contar co apoio das compañeiras e compañeiros do SLG á hora de tomar a decisión de presentarse ao Consello. “Nun primeiro momento considerei que quizais non fose acertado presentarme, por mor de ter comezado recentemente desde cero e considerar que o meu proxecto e experiencia aínda tiñan que madurar máis nestes tempos de incerteza onde afrontamos múltiples problemas, antes de participar nestas cuestións.”

Mais logo de reflexionar asumiu esta responsabilidade, valo-

rando que “as persoas que comezamos desde cero con dificultades, e que viñemos da cidade ao rural para apostar por un futuro rural e agroecolóxico para a nosa terra, debemos de facer aportacións ao colectivo”.

Ademais considera que o Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica ten unha grande importancia polo crecemento exponencial da demanda de alimentos ecolóxicos, “debemos de poñer todos da nosa parte, produtores, consumidores, e administración, para continuar avanzando e perfeccionando un servizo que demanda a sociedade”, afirma.

Entre as principais liñas de traballo a situar no CRAEGA destaca a importancia da divulgación para transmitir a sociedade o feito de que a produción ecolóxica non ten por que ser unha opción alimentaria singular destinada para uns poucos, senón que a agroecoloxía pode ser a alternativa viábel para alimentar ao mundo. Así mesmo, salienta tamén a necesidade de establecer pontes entre as



David Otero, gandeiro en ecolóxico na zona da Fonsagrada.

persoas produtoras e a ciencia, para facilitar o acceso aos coñecementos técnico-científicos aplicables á produción que poden posibilitar obter boas produtividades e incrementen as marxes económicas dos labregos e labregas. Opina que é

necesario afondar tamén en liñas que interpeleen á administración para facilitar a creación de canles de economía de proximidade e circular para acurtar a distancia entre consumidores e produtores, o cal redunda en beneficio de ambos.

Jose Luis Varela Carreira (Palas de Rei)

Jose Luis Varela é da comarca da Ulloa, do Concello de Palas de Rei, e dedícase ás tenreiras ecolóxicas. Leva no CRAEGA arredor de nove anos.

Preséntase coma candidato porque considera moi importante que a xente labrega estea nas institucións que nos representan, neste caso, o Consello Regulador, e tamén “para defender a miña organización, porque as compañeiras e compañeiros apoian a miña proposta”.

Varela destaca que os consellos reguladores son importantes, en primeiro lugar, porque son os órganos que conectan á xente produtora coa xente da industria e coas propias administracións.

“Digamos que son órganos fundamentais para vermos por onde podemos aplicar as distintas políticas públicas, e tamén porque é a nosa certificadora, a certificadora da agricultura ecolóxica da Galiza e, por tanto, considero que son para nós, o máximo órgano ao que temos que ter en conta e ao que temos que implicar e dar os nosos criterios”, explica.

Para Varela cómpre seguir afondando no deseño e aplicación de políticas públicas para seguirmos aumentando a produción ecolóxica aquí na Galiza, e un pouquiño de encamiñarnos nesa folla de ruta que xa está marcada desde Bruxelas.

“Considero que é importante que o CRAEGA apoie á xente produtora máis alá de ser un órgano certificador que nosa acompañe. Cando falo de acompañar refírome non só a facer as distintas campañas que fai o CRAEGA, senón a un acompañamento no tema administrativo, e tamén esa conexión que precisamos a xente produtora coa xente da industria e facer un pouquiño de enlace, sendo valedor da propia xente produtora que coido que é o chanzo máis feble que agora mesmo temos na cadea.”



Jose Luis Varela, gandeiro de Palas de Rei, na comarca da Ulloa.

Asemade Varela subliña que as políticas públicas deben estar impulsadas, en primeiro lugar, polas administracións, “no noso caso principalmente pola administración da Xunta de Galiza, cando me refiro a ese acompañamento dende o CRAEGA; o CRAEGA ademais de acompañarnos ten que ser a nosa voz diante da Consellería do Medio Rural ou da Xunta de Galiza, e un pouquiño levar e poñer enriba da mesa esa necesidade de seguirmos afondando nas políticas públicas para que o traballo do sector non se vexa en baleiro”, abonda. E conclúe que, malia que levamos arredor de dúas décadas traballando con máis intensidade e esforzo neste sector, temos unha canles febles e precisamos de seguir nese apoio de políticas públicas para afortalarmos o que é a produción ecolóxica galega.



Manuel Ramos Garea, gandeiro de Melide.

Manuel Ramos Garea (Melide)

Manuel Ramos Garea é de Melide e ten produción de leite. Preséntase ás eleccións ao Consello Regulador porque considera importante que o sector produtor teña voz en dito Consello, sendo primordial que se atendan aos intereses da parte principal de toda a cadea alimentaria.

Para Garea, “o consello regulador debe definir e fomentar un modelo de produción natural, baseado nos recursos propios e implementar sistemas de control que acheguen, na medida do posible, o control desa produción sen caer no que é un control baseado estritamente na burocracia, xa que iso afasta e ao propio produtor, que nos vemos desbordados tendo que dedicar tempo por exemplo a cubrir papeis e rexistros absurdos, que ademais se solapan moitas veces con ou-

tros mesmos rexistros igual de absurdos que xa se cobren para outros organismos”, explica.

Polo exposto anteriormente, considera que é necesario que o consello deixe de ser un mero órgano burocrático de control, e se dote de recursos, “para poder ser un ente que canalice todo o talento que xa existe e ser realmente a voz dos que verdadeiramente queremos dedicarnos a proporcionar alimentos de calidade, e fortalecer, ante o intento de diluír e desprestixiar o concepto de ecolóxico con outros supostos conceptos que non merece a pena nomear, pero que simplemente son produtos saídos dos laboratorios de marketing dalgunhas compañías con intereses xustamente antagónicos aos nosos”.

FROITEIRAS DE NOSO

Onde están?
Quen sabe delas?

froiteirasdenoso@sindicatolabrego.gal (630 970 132)



Queremos rescatar do esquecemento as variedades locais de froiteiras. Non queremos que sigan desaparecendo as vellas 3rbores que nos deron maz3s, peras, ameixas, cereixas, figos...

Porque son nosas: son o resultado de traballos e coidado das que nos precederon interactuando co medio natural, o que permitiu que chegaran at3 n3s. Estas variedades teñen importancia cultural e son parte do patrimonio colectivo dos galegos e das galegas.

Porque son diversas: cada unha coa súa forma, a súa cor, o seu sabor e o seu arrecendo, lonxe da homoxeneidade e insipidez que nos prop3n o mercado globalizado.

Porque son sabedoras: con características organol3pticas para todos os gustos e con potencial comercial nos mercados de proximidade.

Polo seu valor xen3tico: as variedades locais teñen utilidade como posible fonte de variabilidade para a de mellora e selecci3n de novas variedades, o que pode ser moi 3til nun contexto de cambios ambientais e econ3micos que puideran p3ner en perigo a seguridade alimentar.

Porque est3n adaptadas: as variedades locais teñen demostrado a súa adaptaci3n 3s condici3ns particulares do medio, polo que conv3n telas en consideraci3n como parte das posibles alternativas produtivas para cada zona concreta.

Polo seu potencial valor extrat3xico e social: A variabilidade e diversidade biol3xica 3 unha ferramenta esencial para o exercicio da nosa soberan3a alimentar, m3xime nun momento como o actual, na que a maior parte da nosa alimentaci3n ven das mans dun n3mero mui reducido de multinacionais.

Por estas e outras moitas raz3ns queremos que non sigan desaparecendo estas froiteiras, e para este fin precisamos da colaboraci3n de todas as persoas e colectivos que compartan esta valoraci3n, e acrediten na importancia de non perder de xeito irreversible estes recursos que son parte do noso patrimonio colectivo.

Se sabes dalgunha froiteira de variedade local da que queden poucos exemplares e poida estar en risco de desaparici3n f3inolo saber ao correo froiteirasdenoso@sindicatolabrego.gal ou ao Telegram ou WhatsApp do tel3fono 630970132.

DEPUTACI3N DE LUGO Rural
VICEPRESIDENCIA



froiteirasdenoso@sindicatolabrego.gal



DO VIÑOS ▶ O Sindicato Labrego Galego preséntase nas Denominacións de Orixe do Ribeiro, Rías Baixas, Valdeorras (subcenso A1 e subcenso A2) e Ribeira Sacra

Aposta polo control, a calidade e a promoción das Denominación de Orixe do Viño no SLG

Antes de enumerar cales serían as medidas a atender polos Consellos Reguladores dende a visión do Sindicato Labrego Galego, o responsábel do sector do viño no SLG, Bernardo Estévez, considera que para que tales propostas teñan lugar as nosas persoas candidatas deben ser vocais, “e para iso é imprescindible que os viticultores e viticultoras, sexan ou non afiliados do Sindicato Labrego, vaian votar”, incide.

Alén diso, antes de pór enriba do papel esas medidas, aposta por interiorizar que unha soa podería aglutinar todo o resto de propostas e que, se non chega a facerse realidade, o resto non ten sentido.

O asentamento poboacional ten que ser o fin do traballo que se leve a cabo dende os Consellos Reguladores, aínda que por competencias non lle corresponda, xa que “todas estamos de acordo en que sen viticultores non hai viticultura, boa viticultura, polo tanto cada unha desas achegas que se fagan utilizando o sentido común a de ir nesa dirección”, asenta Estévez.

1. Estrito control arredor da ampliación de territorio para incluír nas Denominación de Orixe, permitindo só aquelas que sexa demostrábel que foron no seu día zonas vitícolas de moito interese, estiveran ou non dentro da DO.

Non permitir nunca a ampliación de novos espazos para o cultivo da vide coa súa inclusión na DO se no propio territorio da DO se conta con terras agrarias que no seu día foron viñado e non están en produción.

2. Estrito control dos rendementos, calidade e seguridade alimentaria da uva cultivada segundo os manuais de calidade de cada Consello Regulador.

3. Formación e asesoramento de calidade, tanto para as persoas viticultoras xa asentadas como para novas e novos viticultores e vitivinicultores que se incorporen ao cultivo da vide.

4. Elaboración dun mapa onde se reflectan as distintas zonas de produción de cada unha das DO que teñan características climáticas, riqueza de chans, historia etc, que as fagan particulares e únicas. Dotarase a cada unha desas zonas dun recoñecemento tanto no produto fresco (uva) como no produto xa elaborado (viño). Ese recoñecemento poderá ser utilizado de forma oficial na etiquetaxe dos viños que deses lugares saian.

5. Comunicación e promoción:

-Xa contando con ese mapa de zonas vitícolas integradas en cada DO os Consellos Reguladores elaborarán campañas de comunicación onde se ensine a riqueza de territorios e as súas singularidades.

-No tocante a promoción os Consellos Reguladores das Denominacións de Orixe teñen a obriga de mostrar todo aquilo que forma parte desa comarca vitícola, historia, sabedoría, clima, paisaxe, tradicións, cultura, gastronomía, variedades de uva, viños. Teñen a obriga de promover todo aquilo que supoña que esa DO galega teña viabilidade económica, polo tanto os consellos reguladores deben promover e ensinar territorios, non limitarse a variedades de uva e viño.



Candidatura:

Censo A

Subcenso A1

Viticultores ≤ 2 Ha. Condado do Tea e Soutomaior

José Antonio Presa
Garrido
Suplente
David Gil Expósito

Viticultores ≤ 2 Ha. O Rosal

Jorge Marcote Gil
Suplente
Raquel Lomba González

Subcenso A2

Viticultores > 2 Ha. Condado do Tea e Soutomaior

Finca Vilamean, S.L.
Suplente
AGROVITIS, C.B.

Subcenso A2

Viticultores > 2 Ha. O Rosal

Notas Frutales de
Albariño, S.L.U.

Suplente

María del Carmen
Miranda Pulido

Censo B

Subcenso B1 Bodegas ≤100.000 litros Xeral

Eido da Fonte, S.L.
José Manuel Gándara
Araujo
Suplente
José Antonio Canda Gil



Censo A

Subcenso A1

Antonio García
Fernández
Isidro Mateo Rivera

Suplente

Francisco Javier Mateo
García

**Censo A
Subcenso A2
Cecilia Fernández
Rodríguez**

Suplente

Antón Rodríguez Prieto



**Participación do SLG
candidatura independente**

Primitivo Lareu López



Censo A

Bodegas Emilio Rojo SL
Lorenzo Álvarez Álvarez
Antonio Pérez Villar
Suplentes

Pablo Penelas Febreiro
José Manuel González
González

José Antonio Presa, Condado do Tea (Rías Baixas)

José Antonio Presa Garrido, coñecido como Pancho, é o candidato ao Consello Regulador Rías Baixas, na subzona do Condado do Tea, e as súas viñas están nos concellos de Ponteareas e Salvaterra de Miño.

Na adega de Presa a maior parte da produción está destinado á venda de uva Albariño a distintas adegas da D.O. principalmente da propia subzona, e unha pequena parte vai destinada ao autoconsumo, sobre todo as variedades tintas (Pedral, Sousón, Mencía...)

Preséntase como candidato polo sector produtor no subcenso de viticultores/as de menos de 2 Ha. pola comarca do Condado do Tea e Soutomaior. "Na D.O. Rías Baixas somos a inmensa maioría dos viticultores/as inscritos co cal deberíamos ter unha maior representación dentro da D.O.", explica.

Pancho considera que a importancia dos Consellos Reguladores vén dada porque é unha ferramenta na que están representados os actores máis importantes no sector agroalimentario (produtores e comercializadores), protexidos por un paraugas legal recoñecido pola Unión Europea, o que lle da un plus á hora de comercializar os produtos de calidade que se elaboran.

"Ninguén pon en dúbida o traballo feito pola D.O. "Rías Baixas" neste senso, o que o está a levar a ser un referente dentro das denominacións en todo o Estado", valora.

Entre as liñas de traballo a desenvolver salienta o feito de que no Consello Regulador Rías Baixas as persoas viticultoras con menos de 2 Has. (non pertencentes a cooperativas) son máis do 94 % de todas as inscritas, pero a nivel representativo "temos case o mesmo número de vogais no Pleno que o restante 6 %, sendo (estes últimos) en bastantes casos viñedos pertencentes a adegas. Podería darse o caso que unha adega teña representantes no pleno como adegoeiros e viticultores, o que daría lugar a un conflito de intereses en deter-



As viñas de José Antonio Presa Garrido, Pancho, sitúanse nos concello de Ponteareas e Salvaterra de Miño.

minadas votacións", recoñece. Outro aspecto que considera Presa que cómpre ter en conta é o de establecer un acordo base entre as persoas produtoras e os comercializadores, para que todas e todos poidan beneficiarse da boa evolución nos mercados que están tendo os viños da DO Rías Baixas, tanto a nivel nacional como internacional, e continuar coa boa liña que se está a levar a cabo até o de agora.

Canda esta reivindicación, outro reto a abordar no Consello Regulador será o do uso sostíbel dos produtos fitosanitarios, "xa que dende as institución e dende os consumidores estannos a esixir viños cada vez con menos residuos. Sabemos que o noso clima (que nos fai singulares) tamén xoga en contra, co que o noso labor como viticultores e viticultoras vólvese cada día máis difícil, polo que temos que tender cara a profesionalización do sector", analiza.

Bodega Emilio Rojo SL (Leiro, DO do Ribeiro)

A Bodega Emilio Rojo SL está no Concello de Leiro e as viñas da adega no pobo de Vieite, tamén neste mesmo concello. Preséntase na candidatura da Denominación de Orixe do Ribeiro.

Son case 3 hectáreas de viña nunha mesma parcela nunha ladeira que mira cara ao nacente e cara ao río Avia, na que están plantadas variedades autóctonas brancas.

Esta bodega preséntase ao Consello Regulador porque considera que se se quere que as decisións que se tomen nos consellos sexan as adecuadas aos intereses das persoas viticultoras, estas teñen que formar parte do Consello, porque "é necesario poñer tamén algo de tempo e interese no común", indica.

As liñas de traballo nas que máis forzas farán no caso de ser elixida precisamente serán as que engadimos como propostas da propia candidatura do SLG neste Fouce número 341 especial Consellos Reguladores, xa que consideran que todas elas son perfectamente asumíbeis como liña de traballo no Consello Regulador do Ribeiro.



Imaxe extraída do sitio web <https://www.vinamein-emiliorojo.com/>

Antonio García, comarca de Valdeorras (Ourense)

É de Seadur, no concello de Larouco, pertencente á comarca de Valdeorras (Ourense).

Ten unha produción de 30 mil quilos, máis ou menos. Son 4 hectáreas das que o 70% é Godello, e logo ten algo de Mencía. García leva 9 anos dentro do Consello Regulador e preséntase como candidato para seguir a estar implicado na temática e controlar como funciona.

Con respecto á súa zona, fai fincapé en que a produción está en alza e que iso débese, en parte, ao traballo dentro do Consello Regulador, respecto ao que indica que, neste momento, funciona bastante ben.

"A xente que forma parte del é xente competente, comprometida", afirma. "Os Consellos Reguladores son importantes para poñer en valor os produtos propios das zona. Cada un dálle valor ao sitio de onde é. E controlar a calidade", incide.

Antón García destaca que o problema principal que atravesa a produción é o abandono que existe na xente moza. "A sociedade debería involucrase máis no sector. Que haxa máis axudas para xente moza.



Antonio García Fernández, ten unha produción da DO no concello de Larouco, na comarca de Valdeorras.

Aquí non hai ninguén con menos de 45 anos que se adica á cultivo e produción. Habería que motivar á xente nova. Facer cursos, que

coñeceran o sector. Incentivar á xente moza e que houberse máis relevo xeracional", propón.

Cecilia Fernández, de Valdeorras (Ourense)



Cecilia Fernández Rodríguez, de Valdeorras (Ourense), traballa en varios proxectos como enóloga consultora, colaborando na xestión da adega e dos viñedos. Ten unha pequena produción propia, viñedos que levan dúas xeracións pertencendo á familia.

Preséntase a representante de viticultores de pequeno tamaño, porque pensa que a viticultura debe tomar máis importancia nas denominacións de orixe, xa que son a base da elaboración dos viños.

"Penso que hai que axudar a profesionalización do sector, e con isto refírome a dar ferramentas tanto os viticultores profesionais, como os que non o son, de melloralas condicións e os coñecementos, para desempeñar un mellor traballo."

Cecilia Fernández Rodríguez, de Valdeorras (Ourense).



Primitivo Lareu López, produtor da Ribeira Sacra



Primitivo Lareu ten unha pequena adega na que fan diferentes viños dentro da DO Ribeira Sacra.

Primitivo Lareu López é produtor da Ribeira Sacra. Ten unha pequena adega na que fan unha produción aproximada de 20/25 mil botellas de diferentes viños dentro da DO Ribeira Sacra.

Lareu foi membro xa nas últimas traxectorias da Denominación de Orixe, polo que agora a idea é completar o traballo que viñan facendo estes últimos anos: mellora do funcionamento da DO, lograr facer un Consello máis transparente, máis adaptado ás bodegas, sobre todo, adecuarse aos tempos, pensando tamén no mercado. Sendo conscientes de que os tempos e os mercados cambian, a DO tamén ten que abarcar eses novos retos actuais.

Un dos obxectivos principais ao que cómpre atender é loitar contra a perda de viticultoras e viticultores. “Temos unha viticultura bastante complexa, cómpre procurar que a imaxe da DO de Ribeira Sacra siga tendo a importancia que ten, seguir defendendo ese tipo de viticultura e que aínda se manteña”. Ademais, outro reto é que o propio Consello Regulador teña unha dinámica máis axeitada e estar máis ao servizo dos viticultores/as e das bodegas; alén de mudar algúns dos procedementos e tipo de elaboracións actuais. En palabras do candidato do SLG, precisamos “un Consello, unha Denominación, que garanta a orixe do produto. É unha garantía de orixe que o produto é de aquí é defende os intereses dunha zona. Debería ser unha ferramenta máis incluso para promover diferentes empresas e darlle valor ao produto e ao noso espazo”, valora.

Lareu defende o formato DO porque considera que, funcionando ben, indo cos tempos e adaptándose ás necesidades do mercado e ás inxerencias das bodegueiras e das viticultoras é unha ferramenta bastante útil. “Loxicamente se actúa como un *corsé*, que non deixa facer cousas máis diversas, a xente opta por estar fóra da DO e aí pode ter máis amplitude do traballo. Pero perdendo esa garantía de orixe e ese selo de calidade que significa unha DO?”, cuestiona.



Axudas para a creación de empresas

O prazo para solicitar as axudas para a creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas granxas estará aberto **dende o 27 de**

xaneiro até o 27 de febreiro de 2023 (código do procedemento MR405B). Para máis información contacta coa túa oficina do SLG.

Axudas para paliar os danos producidos polo xabaril

O prazo de presentación da solicitude das axudas para paliar os danos producidos polo xabaril nos cultivos agrícolas será dun mes contado

desde o día seguinte ao da comunicación do dano ao teléfono 012. **Prazo aberto até o 10 de novembro** (código de procedemento MT809E).

Axudas para investimentos nas granxas agrícolas

O prazo para solicitar as axudas para investimentos nas granxas agrícolas estará aberto **dende o 27 de xaneiro até o 27 de febreiro** de 2023 (código do procedemento MR405A).

A través do código do procedemento podes comprobar os requisitos requiridos para poder ser beneficiarias e beneficiarios das axudas. Se tes dúbidas, contacta coa túa oficina do SLG.

Subvencións renovación de electrodomésticos

A cantidade da subvención non poderá ser superior ao 25% do prezo do electrodoméstico para un consumidor xeral, do 50% para consumidores vulnerábeis e do 75% para consumidores vulnerábeis severos.

Prazo aberto até o 30 de setembro ou finalización de fondos (código de procedemento IN414C). Máis información nos establecementos de venda de electrodomésticos adheridos.

Axuda para a promoción do emprego autónomo

Axuda económica a aquelas persoas desempregadas que pretendan desenvolver a súa actividade empresarial ou profesional na Galiza como traballadoras autónomas ou por

conta propia, para facer fronte aos distintos gastos xerados no comezo da súa actividade laboral. **Prazo aberto até o 29 de setembro** (código de procedemento TR341D).

Prestación por violencia machista

Convócase para o ano 2023 a prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero.

Prazo aberto permanentemente (código de procedemento SI434A). Máis información na túa oficina do SLG.

Axuda por mor da guerra da Ucraína para o sector da carne

Dirixida a persoas físicas e xurídicas propietarias de carne de vacún, carne de ovellas, carne de cabrún, carne de aves e carne de coellos, beneficiadas no ano 2021 do pago por vaca nutrices ou cebo ou no caso de ovellas e cabras ter un mínimo no ano 2021 de 30 ovellas ou 10 cabras, e que tiveran sido beneficiarias no

2021 das axudas do pago verde. De non cumprir o do punto anterior: estar realizando na granxa algunha práctica beneficiosa (economía circular, xestión de nutrientes etc). **Prazo aberto até o 13 de febreiro** (código de procedemento MR244A). Para máis información contacta coa túa oficina do SLG.

Axudas á incorporación de persoas mozas á actividade agraria

O prazo para solicitar as axudas á incorporación de persoas mozas á actividade agraria estará aberto **dende o 27 de xaneiro até o 27 de febreiro** de 2023 (código do procedemento MR404A). A axuda concederáse pola execución do plan empresarial e consistirá nunha prima cuxa contía bá-

sica, calculada de acordo cunha estimación dos custos da Seguridade Social da persoa moza durante os cinco anos de permanencia mínima na actividade agraria, establecida en 25.000 euros, e poderá incrementarse nas seguintes situacións, sen que a axuda total supere os 70.000 €.

TELÉFONO DE EMERXENCIA PARA CASOS DE VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES



Non permitas que te maltraten. Solicita axuda no teléfono 016.

Chamada gratuíta e secreta (non se rexistra no recibo)

Compra - Venda - Troco

Véndese

-Tractor Same de 120 CV en bo estado. Barreiros en funcionamento. Zona de Friol
☎982183019

Véndese

-Tanque de leite da marca Serap, de 3500 litros. Gorgullos - Tordoia
☎636705285 (Elisardo)

Véndese

-Empacadora Massey Fergusson 124E
☎629 851 614

Véndese

-Can de palleiro auténtico (Víctor)
☎676 26 84 64

Véndese

-Touro puro limusín francés con carta, moi

manso (ten 5 anos). Véndese por ter moita crianza do mesmo
-Touro puro Angus (ten 4 anos)
Na zona de Lugo
☎690774565

Véndese

-Casa con finca en Sobrado dos Monxes
☎635503763

Véndese

-Alternador eléctrico de enganche a tractor de 15 kaveas
-Tanque de Refrigeración de leite de 2000 L. Lavado automático marca SERAP
-Abonadora Aguirre Tafa 400kg.
-Tanque conservación semen
-Silo penso 6000kg.

(José Antonio Calviño Olas - Mesía)
☎659 927 961

Véndese

-Xuntador de herba Kuhn de 4 metros de Xunta
-Pinza cortadora de Ternias
-Estendedor de herba Zona de Carballo (Lugo)
☎653641823

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese

-Remolque agrícola 3x1,70. Bo estado e non ten que pasar ITV até 2025. Con rodas novas
Fotos por whatsapp
☎659 993 345 (Carlos)

Véndese

-Rolos de Silo
-Bañeira de leite 1.200 litros, JAPY
-Motor de muxido SAT 1000
☎646 60 11 81
(María Jesus)

Véndese

- 50 ovellas ecolóxico (A Limia)
☎686 864 735

Véndese

-Tractor Ford 6410, motor novo e pala nova
-Tractor MCCORNIC 145cv, tripuntal d ianteiro, en bo estado
-Arado de 4 regos
- Batedor de purín con botella de inclinación
- Sementador de patacas de 2 regos seminovo
- Rastrillo hilerador marca POTTINGER 420 11 púas
- Horquilla de 6 dentes de PALA TENIAS B2
- Arrastrador con batería (150€)

☎606 508 189
(Miguel, Lancara)

Véndese

-18 Rolos de herba seca.
-Silo de 16m x 6m.
-3 xovencas frisoas.
☎636 915 510 (José Antonio, Calde)

Véndese

-Silo de millo
-Rolos de silo
-Rolos de herba seca
-Cargador rotativo
-Segadora bcs
-Estendedor e hilerador de herba seca
-1 punto da PAC da rexión 703
☎680 926 816 (Pilar)

Véndese

-Cargador Marangon de simple eixo.
-Tractor Ebro 160 para colección ou repostos
☎696 818 012

Véndese

-Xovencas preñadas (3 e 6 meses)
☎667 001 55 (Monfero)

Véndese

-Becerras Limousin
☎685 884 257
(Javier, Lugo)

Véndese

-Autocargador Campeva de 5 coitelos (con documentación)
-Desinsiladora CORVAR con poldro hidráulico
-Cuba de leite Alfa-Laval trifásica de 1.600 Litros
☎606 697 157

Véndese

-40 rolos de herba seca
☎982 505 755
(Santa Cristina - Cospeito)

Véndese

-Castrón adulto (2 anos) para recría. Saneado. Criado en liberdade con pasto natural. Na zona de Corme (Ponteceso)
☎659 932 481

Véndese

-Viño do país branco e tinto.
☎986 6894 86 (Ana)

Véndese

-Tractor Lamborghini 80CV dobre tracción (2004)
-Rotativa de 1,85m
☎667 469 962

Véndese

-Cociña de leña
-Caldeira de leña
☎649 369 179
(Pontearreas)

Véndese

-Coche Peugeot 106
☎648 78 82 01
(Oza - Cesuras)

Véndese

-Tubeira, motor de descarga e motor de vacío de tres puntos de sala de muxido
-Desensiladora Kuhn
-Tractor Ebro 160 para repostos
Véndese por separado e acéptanse ofertas
☎646 073 487
(José, Monfero)

Véndese

-Silo de ferro con capacidade de 25 toneladas preparado para cal viva
-Grade de discos de 16x24.
☎630 561 310 (Friol)

Véndese

-Autocargador Galagri case novo, por falta de uso.
☎606 739 438

Véndese

-Tenreiro Limousin

☎606 739 438
(Alejandro)

Véndese

-Autocargador MORRA (en moi bo estado). Con rodas anchas e ITV en vigor. (Zona Oza - Cesuras)
☎650 241 958 / 648 788 201

Véndese

-Casa no lugar de Parada de Ribeira, a 3 km. de Xinzo de Limia. Amoblada e lista para vivir. Bo prezo
☎678 616 746 (Paco)

Véndese

-1.5 ha de millo para ensilar no concello de Abegondo (prezo de mercado)
☎619 267 520

Véndese

-Skoda Fabia de 68 CV TDI, Diesel. Ano 2007 e 212.000 km.
☎692 979 686

Véndese

-Motocultor Pasquali Modelo 968.02. Inclúe remolque con tracción, desbrozadora, fresadora e arado.
-Motoazada Jet 505 HR.
-Motor Honda 5.5 con fresadora e arado
☎605 908 585

Véndese

-Sala de muxido Full Wood, de catro puntos, monofásica
-Tanque de leite Japy 1.200 litros, monofásico
☎690 779 973 (Oroso)

Véndese

-Autocargador Marangón de 13 coitelas
-Angazo xuntador Kuhn
-Estendedor de silo
-Desensiladora BVL de dobre coitela
-Rolos de silo e herba seca
☎689 552 293 (Guntín)

Véndese

-Tractor SAME de 120 cv, con dobre tracción e con turbo. En perfecto estado. Zona Friol
☎982 183 019 / 628 785 466

Véndese

- Tractor John Deere Modelo 6330 Super Star de 105CV con suspensión dianteira e Pala cargadora frontal marca SIGMA Modelo Iron H 30.
- Autocargador con rotativa.
☎680529642
Abella - Frades (A Coruña)

Véndese

6 vacas rubias e blondie de aquitania en Oleiros Vilalba, por xubilación. Paridas, preñadas e próximas ao parto
☎629 17 03 29

Véndese

Cargador rotativo da marca Rotomorra por falta de uso. (Antonio). Ordes
☎680 385 068

Véndese

-Alpacas pequenas
☎619 267 520

Véndese

-Véndese carro mesturador arrastrado horizontal Tatoma con fresa de dez metros de 2010. Ideal para unha granxa de 50 vacas a a 70 en muxido. En bo estado, rodas novas e aceites recen cambiados. (Jose Ramón)
☎639 683 278

Véndese

-Leña para biomasa
☎670 895 789

Véndese

-Plastificadora
-Rotativa
-Empacadora
-Tanque de leite de 1.000 l.
-Remolque
-Batedor de xurros
-Circuíto de muxido de catro puntos
☎669 836 716

Véndese

-Rotativa 180 Morra
-Autocargador Deutz Fahr K560
☎627 936 604
(En Orroso)

Véndese

-Tanque de frío marca ALFA LAVAL para 430 litros e catro muxiduras
-Rolos de silo desta campaña
-Segadora de man marca ALFA, modelo A-100
☎689 601 768 (Emilio)
Chamar a partir das 15:00

Véndese

-Boi (4 anos) grande e manso. A 8 km de As Pontes.
☎600 830 624

Véndese

-Máquinas de limpar
-Muño eléctrico
No Corgo (Manuel, Lugo)
☎648 718 864

Véndese

-Rolos de herba seca en Lugo. (Andrés)
☎646 665 896

Véndese

- 52 Rolos de silo
- 20 Rolos de herba seca
- 2 Silos de millo
- 1 Colledora/Segadora BCS
- 1 Estendedor e hileradora de herba seca
☎680 92 68 16
(Balbina)

Véndese

- Vacas pintas de leite
☎650 107 657

Véndese

-Cisterna purín Cisca nova galvanizada 5000l compresor 2800l capacidade.
Zona de Melide.
☎604 028 980

OUTROS

Alúgase

-Cuadra para gando vacún no lugar de Trazo Km 6, Numide - Tordoia. (preguntar por Balbina)

Alúgase

-Instalacións con palleira e prados (15ha.)
☎606 508 189 (Miguel, Lancara)

Alúgase

-Cuadra (Ordes – Trazo Km. 6, Numide – Tordoia)
☎680 926 816 (Pilar)

Alúgase

-4 Fincas de labradío (12ha.)
☎696 818 012 (Baixa de Trazo)

Alúgase

-Establo libre e fincas
☎981 446 501
(Cabanas)

Alúgase

-Granxa de leite con cortes vellas, novas e fincas. En Reboredo (Frades). Dispón de rodadeira, sala de muxido, sala de espera, etc.
-Tamén hai posibilidade de mercar o gando existente na granxa actualmente
☎628 829 199

Regálase

-Silo metálico especial para serraduras. Na comarca do Deza.
☎620 262 786 (Pili)

Precísase

-Precísase persoa para traballar nunha granxa de leite en Visantón - Mesía.
Máis información:
☎607 671 058

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitanse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

Neste Fouce damos conta das propostas e representacións do Sindicato Labrego o 19 de febreiro nas eleccións para renovar composicións no CRAEGA (Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia), Pataca de Galicia, Carne de Vacún de Galicia, Valdeorras, Rías Baixas, Ribeiro e Ribeira Sacra (dirixido ás persoas censadas nos Consellos Reguladores).



**sindicato
labrego galego**
comisións labregas

A Voz Labrega nos Consellos Reguladores



**Para
manter
un
medio
rural vivo!**

Incorpórate con NÓS!

Axudas de incorporación,
plans de mellora e
pequenas explotacións

Aberto o prazo deica o 26 de
febreiro



Infórmate no teu local do
SLG



**sindicato
labrego galego**
comisións labregas

